

Estás para marchar

Veña, a ver, que cousa che falta? Fáltache algo? Fai un repaso, que sempre deixas quedar algo. Metiches o pixama, sempre o esqueces. Metíchelo, si. A maleta coa roupa e os libros, a documentación, cartos, a mochila con todos os papeis... Temes ser o escritor máis desordenado dos que coñeces, e probabelmente que o sexas. Agora as chaves do auto, aí as están. E nada máis che queda marchar de viaxe. Tes que ir alí.

Esta manía que che entrou de falar só tes que quitala. Xa empezas a parecer un tolo, non te abandones.

Agora tes que partir, non deas máis voltas. Tes que ir aló. Soubéchelo hai un mes, non é? Recordáchelo entón. Foi hai un mes cando recordaches que debías deixar de adiar esta viaxe e ir alí de vez, foi cando levaches aquel susto. Facíache falla un susto para recordalo. Aí comezou todo.